



IX TROFEO CLUB DEPORTIVO AURUM

OURENSE, 24 OUTUBRO MMXX

REGULAMENTO

Artigo 1. ORGANIZACIÓN

O Club Deportivo Aurum coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo e da Universidade de Vigo e co patrocinio do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, organiza o IX Trofeo Club Deportivo Aurum, que se celebrará o sábado 24 de outubro de 2020 en xornada de mañá, na Pista de Atletismo do Campus Universitario de Ourense, sempre e cando as restricións pola situación sanitaria pola COVID-19 o permita e con permiso das autoridades competentes.

Artigo 2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN E HORARIO*

HOMES	HORA	MULLERES
Pértega	11:00	Pértega
	11:00	500 m. S12
500 m. Sub12	11:30	
	11:50	500 m. S14
500 m. Sub14	12:20	
	12:40	200 m.
200 m.	12:50	

Cadencia Pértega: 1,90 m. de 20 en 20 cm. – 2,30 m. de 10 en 10 cm. – 2,90 m. de 5 en 5 cm.

Coa relación definitiva de atletas admitidos/as o organizador poderá modificar o horario de competición.

Artigo 3. PARTICIPANTES

Poderán participar todos/as os/as atletas con licenza federativa en vigor.

A organización priorizará a participación dos atletas con licenza por clubs da Provincia de Ourense. No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas realizadas dende o 1 de abril de 2019, e as marcas realizadas en probas similares tanto na pista cuberta coma no aire libre. A



organización utilizará as táboas WA de puntuación para comparar as marcas feitas en distintas probas e así decidir a que atletas admitir. Teranse en conta só as marcas indicadas no momento da inscrición, tamén poderá ser utilizado o campo do dorsal para a acreditar as marcas dos/as participantes.

Artigo 4. INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse na intranet da RFEA ata as 20:00 h. do martes 20 de outubro de 2020. Os/as atletas deberán aportar a súa mellor marca para ser encadrados/as nas series.

Cada atleta poderá realizar so unha proba. Rexeitarase a inscrición dos/as atletas inscritos/as en máis dunha proba, non serán admitidos en ningunha delas e non se admitirá a súa participación.

Nas carreiras admitiranse 8 participantes por serie e nos concursos 10 participantes.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase a relación de atletas admitidos/as na web atletismo.gal.

Artigo 5. ACCESO ATLETAS E RECOLLIDA DE DORSAIS

Os/as atletas poderán acceder á instalación desde 1 hora antes da súa proba e unha vez finalizada a súa participación deberán abandonar a instalación o antes posible.

Os/as atletas inscritos/as confirmarán a súa participación e recollerán persoalmente o seu dorsal na Cámara de Chamadas.

É obrigatorio entregar na Cámara de Chamadas a folla de Declaración Responsable, dispoñible na web atletismo.gal, debidamente cumprimentada e asinada.

Artigo 6. ACCESO DELEGADOS/AS E ADESTRADORES/AS

O acceso á instalación estará controlado e limitado.

Publicarase un formulario na web atletismo.gal para a solicitude de acceso dos/as delegados/as dos clubs e/ou adestradores/as, unha vez publicado o horario definitivo.

Poderán establecerse quendas para o acceso a instalación.



Artigo 7. CÁMARA DE CHAMADAS

Todos/as os/as participantes deberán acreditarse na Cámara de Chamadas mediante a súa licenza federativa ou documento oficial con fotografía.

CÁMARA CHAMADAS	APERTURA	PECHE
CARREIRAS	20' antes da proba	10' antes da proba
CONCURSOS	50' antes da proba	40' antes da proba

Artigo 8. NORMATIVA

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.

Artigo 9. PROTOCOLO ANTI COVID-19

A competición desenvolverase seguindo o Protocolo de actuación para a volta á competición do Atletismo en Galicia - FISICOVID-DXT Galego da Federación Galega de Atletismo en vigor.

Estableceranse medidas de actuación Anti COVID-19 específicas para esta competición e instalación. Ver documento anexo.

*Actualizado a 22/10/2020. Suspéndense as probas de 1.500 m. Obstáculos Sub16 e 1.500 m. Homes e Mulleres ante a situación sanitaria na que se atopa Ourense nestes momentos e a pendente aprobación da actualización do Protocolo de adestramentos e competicións no que respecta as probas de fondo, realizándose o resto do programa segundo o protocolo vixente.